

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------|----------|---------------|
| 36011634 | Politécnico de Vigo | Vigo | 2022/2023 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|---|------------------------------------|-------------------|
| FME | Fabricación mecánica | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0169 | Empresa e iniciativa emprendedora | 2022/2023 | 2 | 53 | 63 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA LUISA ISLA OTERO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora ten como obxectivos xerais espertar no alumnado o interese polo mundo do emprendemento e da empresa, así como achegalo aos instrumentos necesarios para a súa creación e a determinación da viabilidade da mesma. En base ao indicado no currículo e mais da experiencia destes anos, a programación do módulo seguirá metodoloxías activas, aquelas que sitúan no centro do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado. En concreto o módulo estará gamificado, traballando con sistemas áxiles como desing thinking e lean startup, así como simulación empresarial. Empregaremos o Aprendizaxe baseado en xogo, o xogo serio, e dentro deste a metodoloxía Lego Serious Play, completando con aula invertida e traballo colaborativo; toda a metodoloxía orientarase á obtención polo alumnado do resultados de aprendizaxe sinalados no currículo do ciclo.

Procúrase espertar no alumnado as capacidades da Iniciativa e do Emprendemento, dentro do Marco Europeo para a Competencia Emprendedora, EntreComp, importantes para a súa vida e será importante a participación en aquelas convocatorias de actividades externas que enriquezcan a formación do alumnado.

A competencia Dixital adquirirase transversalmente a través das tarefas e actividades propostas no módulo. Como base do mesmo será a gamificación denominada "Galaxia do emprendemento", realizada en Genially e a disposición do alumnado na aula virtual dende o comezo de curso.

O alumnado que acode ao Politécnico para seguir o ciclo de mecatrónica é alumnado motivado, con ganas de atopar traballo ao rematar o ciclo, e que apreza a situación e experiencia do centro na empregabilidade do seu alumnado, tanto pola boa preparación coa que saen os alumnos e alumnas do ciclo, como por a situación nunca cidade que require e necesita traballadores/as competentes. Dentro do sector existen posibilidades para o autoemprego en áreas novas e con posibilidades de expansión.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|-------------------------------------|---|--------------------|----------|
| 1 | Iniciativa emprendedora. | Fase 0-1: Estudo da persoa emprendedora | 9 | 6 |
| 2 | Primeiros avances no emprendemento. | Fase 2: Do problema ao Modelo de Negocio | 22 | 44 |
| 3 | Creamos a nosa empresa. | Fase 3: Do Modelo de Negocio ao Mundo empresarial | 16 | 25 |
| 4 | Xestionamos a nosa empresa. | Fase 4: Xestión da nosa empresa | 16 | 25 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------|----------|
| 1 | Iniciativa emprendedora. | 9 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. |
| CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social. |
| CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora. |
| CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da fabricación mecánica. |
| CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. |
| CA1.9 Creouse equipo de traballo caracterizado pola heteroxeneidade dos componentes |
| OCA1.10 Valorouse a existencia de erros no proceso do emprendemento |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de fabricación mecánica (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). |
| A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. |
| Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. |
| A actuación das persoas emprendedoras no sector da fabricación mecánica. |
| O risco como factor inherente á actividade emprendedora. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------------------------|----------|
| 2 | Primeiros avances no emprendemento. | 22 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | NO |
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade. |
| CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da fabricación mecánica, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. |
| CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. |
| CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. |
| CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas. |
| CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. |
| CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. |
| CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica en función da súa posible localización. |
| CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial. |
| CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa fabricación mecánica e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. |
| CA2.8 Identificáronse, en empresas de fabricación mecánica, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. |
| CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais. |
| CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais. |
| CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de fabricación mecánica, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial. |
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. |
| Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. |
| Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da fabricación mecánica. |

Contidos

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------------|----------|
| 3 | Creamos a nosa empresa. | 16 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial. |
| CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio. |
| CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da fabricación mecánica. |
| CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida. |
| CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa. |
| CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica. |
| CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa. |
| CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de fabricación mecánica tendo en conta a súa localización. |
| CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Formas xurídicas das empresas. |
| Responsabilidade legal do empresario. |
| A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. |
| Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. |
| Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. |
| Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de fabricación mecánica. |
| Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------|----------|
| 4 | Xestionamos a nosa empresa. | 16 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa. |
| CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa fabricación mecánica, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidación) |
| CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da fabricación mecánica. |
| Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. |
| Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira. |
| Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa. |
| Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de fabricación mecánica: documentos administrativos e documentos de pagamento. |
| Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva son os sinalados no apartado 4. c. da programación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación dos coñecementos acadados por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

Táboa de observación para avaliar o Plan de empresa: Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso un plan de empresa.

Este proxecto de empresa será elaborado en paralelo ao tratamento dos contidos de cada unidade.

PUNTUACIÓN:

A nota mínima en cada trimestre será dun 5. De non ser o caso, quedará suspenso ese trimestre. Polo tanto, como nota de trimestre se fará constar unha nota máxima dun 4. Polo tanto terá que facer recuperación desa parte. Esta puntuación será levada á nota final de trimestre dacordo á ponderación indicada a continuación para a nota de Plan de Empresa.

- PROBAS ESCRITAS, contidos e puntuación:

Para favorecer a aprendizaxe do alumnado, se van a recomendar materiais, como libro, apuntes, pero non será imprescindible que á hora de examinar a profesora se ciña exclusivamente ao que está escrito neses materiais, é dicir, todo o que se explique na aula, oralmente, por escrito e/ou de forma visual con vídeos etc, pode ser obxecto de pregunta no examen, sempre que sexa pertinente cos contidos da unidade e os resultados de aprendizaxe recollidos na programación

Levarase a cabo unha proba ao trimestre como mínimo, segundo as necesidades do alumnado e complexidade da materia. En todo caso, farán media entre elas.

. Nestas probas poderanse presentar cuestións a desenvolver, tipo test e/ou supostos prácticos. Nas preguntas tipo test, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco, as respostas en branco non puntuán, as respostas erradas restan en proporción dúas erradas, unha correcta.

Nas preguntas a desenvolver vaise valorar a corrección e argumentación elaborada polo alumnado, para xustificar e demostrar o que sabe sobre os contidos de teoría.

Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

PUNTUACIÓN:

Será o resultado da media das probas escritas realizadas no trimestre. En todo caso, para facer a media será condición indispensable que a nota mínima en cada proba sexa dun 4,5. Polo tanto, en caso de non poder facer media, como nota de trimestre se fará constar, como máximo un 4.

Polo tanto terá que facer recuperación desa parte. Esta puntuación será levada á nota final de trimestre dacordo á ponderación indicada a continuación para a nota de probas obxectivas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para facer este cálculo seguirase a ponderación indicada a continuación:

CADRO DE DISTRIBUCIÓN DE UNIDADES POR TRIMESTRES E A SÚA NOTA FINAL:

MODALIDADE ORDINARIA

| Trimestres | Unidades didácticas | Proba obxectiva | Táboa observación |
|--------------|--|--------------------|---------------------|
| 1º trimestre | UD 1 a 2 | Nota ponderada 70% | Nota ponderada -30% |
| 2º trimestre | UD 3 | Nota ponderada 70% | Nota ponderada -30% |
| 3º trimestre | UD 4 | Nota ponderada 70% | Nota ponderada -30% |
| NOTA FINAL | 50% -1º trimestre + 50%- 2º trimestre + 50% 3º - trimestre | | |

PUNTUACION:

1. **NOTA FINAL DE MÓDULO:** o alumnado acadará a avaliación positiva no módulo se supera cun 5 a nota promedio das avaliacións realizadas no centro.
2. A nota con decimais será redondeada do seguinte xeito: Si o decimal supera a 0.5 será redondeado por exceso ao enteiro máis próximo. En caso contrario, se redondea por defecto.
3. Para superar cada trimestre hai que obter un mínimo de 5 puntos, resultado das notas ponderadas correspondentes.

NORMAS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS OU EXÁMENES.

- a. Non se admite móbil no examen para ningún uso. De tal forma que ao entrar na aula será entregado á profesora. No caso de que alumno o alumna se negue a facelo perderá o dereito a que se lle faga a proba ou examen.
- b. No caso de ser necesaria calculadora, ésta terá só funcións básicas, polo tanto, non se admiten calculadoras científicas.
- c. No suposto de que nun examen, un/a alumno o alumna teña no seu poder documentación que non esté autorizado/a pola profesora, ou ben, se comproba que copiou, terá que entregalo á profesora en cuanto llo requira. E a nota a cualificar en dita proba será de 0 puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas
6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación serán de dous tipos: colectivas e individuais.

Colectivas:

Estableceranse de xeito claro os criterios de avaliación non superados que impiden a obtención do resultado de aprendizaxe correspondente e, a partires de ahí, deberase refacer a actividade ou actividades asociadas ao criterio ou criterios non superados. Marcarase un prazo de entrega e avaliarase novamente o traballo. Se no instrumento de avaliación se obtivera maior puntuación de 5, o criterio/s estarían superados; se non fose así marcaríase un novo prazo para elo. Se tras esa nova avaliación tampouco foran superados os criterios (puntuación inferior a 5 no instrumento de avaliación) deberase presentar á proba escrita do segundo trimestre.

Individuais:

Condições iguais ao caso da recuperación colectiva. Dúas oportunidades de superación dos criterios de avaliación non superados a través de prazos establecidos pola profesora, e de non superarse, proba escrita no segundo trimestre.

Proba escrita segundo trimestre:

No segundo trimestre do curso, coincidindo coa finalización do módulo, realizarse unha proba escrita (exame) no que o alumnado recuperará os CA non adquiridos en calquera das catro unidades formativas. Será tamén necesaria para a súa superación obter unha nota igual ou superior a 5.

Se o alumnado non acadara a obtención dos CAMínimos nesta proba, terá dereito a unha proba no mes de xuño.

Esta proba de xuño, podería coincidir, en data e no mesmo espazo de realización, coa proba escrita, exame, do alumnado con perda de avaliación. O que podería non coincidir será a proba en sí.

No caso da perda de avaliación, inclúiranse TODOS os CA mínimos exixibles, e no caso da recuperación, só aqueles que non foron acadados no curso.

Ambas actividades de recuperación (individuais e colectivas) poden ser compatibles e analizarase e valorarase a situación para procurar conseguir que os CA sexan acadados polo alumnado.

No caso de que se entendera necesario, poden deseñarse novas actividades con tarefas de reforzo que lle axuden (ao alumno/a) a comprender mellor ou superar os criterios de avaliación, ou que lle permitan chegar aos obxectivos cun pouco máis de tempo.

Esas actividades e tarefas desenvolveranse ao longo do curso de acordo entre profesora e alumno/a.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba extraordinaria consistirá nun exame que avaliará os CA mínimos. Nesta proba a puntuación necesaria para a súa superación será de 5 ou máis de 5.

Esta proba podería coincidir, en data e no mesmo espazo de realización, coa recuperación establecida para o mes de xuño (dos CA non adquiridos durante o curso).

No caso da perda de avaliación, inclúiranse TODOS os CA mínimos exixibles, e no caso da recuperación, só aqueles que non foron acadados no curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico, cambiando o que se observe que non é adecuado para acadar os resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo irei recollendo as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial así como valorando o resultado das actividades prantexadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente ademais farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

A práctica docente será avaliada conforme a criterios determinados establecidos en rúbricas, tanto polo propio docente, como polos estudantes, así como a través dun cuestionario tipo test onde se valore a dita práctica docente, o emprego de recursos na aula, a exposición dos contidos e cunha casilla de observacións libre para facer as achegas que o alumnado considere importante, poderán facer suxestións e á vista das súas respostas poderei reflexionar en aspectos a conservar e aspectos a mellorar no futuro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de outubro lévase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado, a súa motivación no ciclo, as súas habilidades e expectativas..

Tamén me interesa coñecer o seu dominio ou non das TIC, capacidade ou habilidade informática que teñen como usuarios. Por último, fágolle preguntas sobre a súa motivación con relación ao ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo.

Tamén pregunto por conceptos relacionados co módulo e os coñecementos previos que teñen; se coñecen ou teñen familiares emprendedores, así como hobbies e afeccións, o feito de facer algunha actividade física tamén me parece interesante.

Xenérase nun ambiente distendido que propicia a sinceridade e as relacións persoais.

Posteriormente, antes de cada unidade, realízase unha avaliación inicial, a través de debates, brainstorming, etc para obter información sobre os coñecementos previos e o nivel de implicación e motivación.

As actividades iniciais do módulo de Team Building permiten formar equipos e ser conscientes da importancia deste tipo de traballo que será predominante no módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O obxectivo global do módulo é que o alumnado adquira os Resultados de Aprendizaxe establecidos, para o cal deberá superar necesariamente os criterios de avaliación sinalados como mínimos.

Na medida en que algún estudante non poida, nen sequera a través dos procedementos establecidos nas actividades de recuperación, superar positivamente os mesmos, determinarase a posibilidade de adaptar a metodoloxía aplicada na aula para o mesmo. Para isto, analizarase conxuntamente co alumno ou alumna as razóns polas que non é quen de alcanzar os R.A. En función desta análise, proporanse novas medidas de atención individual.

caso de que o alumno/a non acadase globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corregir os erros que se detecten.

No caso de que se observe que é falta de comprensión dos contidos aprendidos, primeiro será preciso reforzalos con actividades de apoio. É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo a profesora observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as actividades de apoio ou reforzo.

Cando o alumno/a promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fora do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se diseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ao final fánse probas escritas que deberán superar.

Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as medidas que consideren nese departamento que se deban adotar.

A realización das actividades en equipos de traballo facilitará a adquisición de Resultados de Aprendizaxe por parte do alumnado.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A metodoloxía didáctica aplicada neste módulo, (metodoloxías activas) e recollida na presente programación, permite nun alto grao que o alumnado

adquira os valores recollidos na lexislación educativa e mais no Proxecto educativo do centro.

O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedoral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentarse a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula, e sobre todo traballarase o Sentido da Iniciativa e o Emprendemento.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programa Eduemprende: Finanzas para mortais, opción 4) : relacionado co proceso de creación dun proxecto empresarial e a constitución dun modelo de negocio viable.

Programa da Axencia Tributaria sobre Educación Cívico-Tributaria. Charla.

Programa Gepeese da CNMV, xunto co Ministerio de Educación.

Colaboración co titor do grupo nas actividades nas que podamos realizar algunha achega.

Participación en Actividades externas: Selfie Emprendedor-Selfie erros- Simulación Young Business Talent., etc.

Colaboración con Viveiros de empresa e Asociacións de empresarios.

Proxecto #FPNaranja: participación no proxecto intercomunitario que traballa as emocións e sentimentos na Formación Profesional.

Proxecto #lecturasempendedoras: Establecerase calendario de lecturas emprendedoras e posteriormente realizaranse entrevistas de exposición de conclusións, gravaránse con acceso a través de códigos QR que quedarán nos libros para futuros lectores.

Todas as actividades complementaria e extraescolares que se consideren de interese serán realizadas polo grupo, co fin de mellorar o seu emprendemento.

10.Outros apartados

10.1) Exames

Os exames constarán dun máximo de 10 preguntas, de resposta curta e incluírán os CA mínimos non acadados polo estudante.

Existirá un exame no segundo trimestre e outro no mes de Xuño.

Incluírase en cada proba, a valoración das preguntas, de non establecerse, terán a mesma ponderación.

O exame de xuño será único en data para o alumnado que teña perda de avaliación e o que teña algún C.A. mínimo sen adquirir; a data será a mesma pero as preguntas poderán non coincidir.

10.2) información

Informarase ao alumnado da avaliación de cada instrumento, antes da súa aplicación á actividade.

Tamén se informará das actividades que estean relacionadas con CAMínimos, polo que necesitarán obter no instrumento de avaliación que as avalíe unha nota dun mínimo de 5.

10.3) accesibilidade

A profesora resolverá dúbidas e explicará o necesario, procurando ter accesibilidade en todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

10.4) Adaptación COVID

Avaliación: no caso de existir restricións á presencialidade debidas á COVID, a proba de avaliación de contidos poderá tamén ser oral. Neste caso, as condicións explicaranse ao alumnado previamente.

Metodoloxía na semipresencialidade: durante as semanas de presenza nas aulas, priorizaranse as explicacións, a consulta de dúbidas sobre os materiais e tarefas traballadas así como a participación, o debate e os obradoiros para os que se requira traballo en grupo (sempre mantendo as medidas de seguridade). A semana na que os alumnos estean na casa, a comunicación farase a través da aula virtual coa realización e avaliación das tarefas enviadas. Será posible tamén establecer conexión por videoconferencia.

Metodoloxía no confinamento: a comunicación será estritamente pola aula virtual tratando de manter o ritmo do curso con videoconferencias semanais de explicacións, obradoiros, consulta de dúbidas e outras actividades planificadas.

10.5) aula virtual

A aula virtual será o soporte básico da información do módulo, existirán actividades a realizar directamente nela, como discusións nos foros, ou outras serán externas, pero que o enlace estará a disposición na aula virtual, como acceso Padlet, acceso Edpuzzle, acceso Genially, etc.